

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e nove de xullo do ano dous mil dezaseis, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Manuel Doval Soto e don Pablo Pérez Pérez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 2º don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 15 DE XULLO DE 2016.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día quince de xullo de dous mil dezaseis, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0415 BRUÉS-PORTELA DA CRUZ, NO MUNICIPIO DE BEARIZ.-

Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Resolver as alegacións formuladas polos interesados, con estimación parcial en canto aos metros de muro afectados, baseándose no informe emitido polo xefe da Sección de Supervisión de Obras e Proxectos da Deputación de Ourense, no sentido que se expón a continuación:

Por parte da representante da propietaria das parcelas n.º 1, 2 e 3 do expediente expropiatorio, formuláronse alegacións, nas cales mostra a súa desconformidade coas medicións dos muros de cachotería afectados pola expropiación, coa superficie afectada da parcela n.º 3 e co tipo de cultivo das parcelas.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016

Respecto da primeira das cuestións, o informe emitido polo xefe da Sección de Supervisión de Obras e Proxectos sinala que o “plano de perfís transversais” que lle foi facilitado á expropiada contiña un erro na escala, xa que en vez de reflectir a escala 1/200 figuraba a escala 1/400, motivo polo que á expropiada lle dá máis metros de muro afectados, polo que deben modificarse os metros de muro afectados pola expropiación.

Tamén alega a expropiada que na parcela n.º 3 os metros afectados son 510,73 e non 174,52, alegación que debe ser estimada.

En canto ao tipo de cultivo, alega a expropiada que o cultivo da parcela n.º 1 é prado, que na parcela n.º 2 son 534,75 m² de prado e 337,97 son monte madeirable, e que na parcela n.º 3 é monte madeirable. Respecto a isto, unha vez feitas as comprobacións oportunas sobre o terreo, confírmase que nas tres parcelas se trata de “monte baixo”, polo que debe desestimarse o cambio de cultivo.

2º.- Aprobar o proxecto técnico da obra de mellora da estrada provincial “OU-0415 Brués-Portela da Cruz”, no municipio de Beariz, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.

3º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

4º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

N.º EXPTE	REF. CATASTRAL	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M ² TERREO	M ³ MURO
1	32012A010017270000 UT	RURAL	HERMOSINDA OTERO CENDÓN	174,52	46 (1,89*0,60*40,56)
2	32012A010017260000 UL	RURAL	HERMOSINDA OTERO CENDÓN	872,72	117,3 (2,30*0,60*85)
3	32012A010017250000 UP	RURAL	HERMOSINDA OTERO CENDÓN	510,73	

5º.- Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016
--

3.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO CAMIÑO RURAL HEDRADA – OU 0604, NO MUNICIPIO DE PARADA DO SIL.-

Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Excluir da relación de bens e dereitos afectados pola devandita expropiación as parcelas 1A, 1B, 1D e 1E, ao terse asinado convenios de “mutuo acordo” para a adquisición dos bens afectados.

2º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei de expropiación forzosa.

3º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación dos bens incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no artigo 21 da Lei de expropiación forzosa.

N.º PARCELA EXPEDIENTE	N.º POLÍGONO/PARCELA CATASTRO	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M ² EXPROP
1C	75/160	RÚSTICA	Herdeiros de Amadeo Eiro Gómez	60,00
1F	75/173	RÚSTICA	Herdeiros de José Rodríguez Eiro	230,00

4º.- Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

4.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL E FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DA ESCOLA PROVINCIAL DE DANZA CURSO 2016-2017.-

Unha vez visto o ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- **Aprobar a programación anual da Escola de Danza para o curso 2016-2017, co seguinte contido:**

1.- Actividades:

A. Baile tradicional

B. Canto tradicional e pandeireta

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016

C. Música para grupos de acompañamento de baile tradicional

D. Obradoiro de xogos populares

E. Talleres de tecido tradicional

A.- Baile tradicional: dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos, sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- Número de prazas por actividade: 200.
- Duración do curso: desde o día 3 de outubro ata o 30 de xuño.
- Horario: de luns a sábado de 17.30 a 21.00 horas, en función da idade e o nivel dos alumnos.
- Tempo de clase: será de 1,30 horas semanais por cada materia.

B.- Canto tradicional e pandeireta: dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos, sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- Número de prazas por actividade: 150.
- Duración do curso: desde o día 10 de outubro ata o 15 de xuño.
- Horario: de luns a sábado de 17.30 a 21.00 horas, en función da idade e o nivel dos alumnos.
- Tempo de clase: será de 1,30 horas semanais por cada materia.

C.- Música para acompañamento de grupos de baile tradicional: dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos, sen límite de idade.

- Número de prazas por actividade: 30.
- Duración do curso: desde o día 7 de novembro ata o 30 de xuño.
- Horario: será en función da dispoñibilidade, da idade e o nivel dos alumnos.
- Tempo de clase: será de 1 hora semanal.

D.- Obradoiro de xogos populares: programa gratuíto dirixido a todos os centros educativos de educación primaria e secundaria da provincia de Ourense.

- Duración do curso: o obradoiro realizárase durante tres semanas consecutivas en cada centro, entres os meses de novembro e xuño en horario lectivo, cunha sesión semanal adaptada a unha hora lectiva do centro. No período de xuño ata setembro as

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016

actividades levaranse a cabos nos concellos e asociacións da provincia previa solicitude.

- Recursos materiais: o CCP Xaquín Lorenzo conta con todo o material de xogo preciso para a realización do programa.

E.- Talleres de tecido tradicional: curso orientado para adultos.

- Número de prazas: 30
- Duración do curso:
 - . 1º curso desde o día 3 de outubro ata o 31 de xaneiro.
 - . 2º curso desde o día 1 de febreiro ata o 31 de maio.
- Horarios: de luns a venres.
- Tempo de clase: 3 horas semanais.

2.- Prazos e procedemento de inscrición

Desde o día 1 de setembro ata o día 31 de outubro formalización da matrícula.

As inscricións realizaranse no CCP Xaquín Lorenzo, situado no Centro Comercial As Lagoas, praza Daniel González, no modelo normalizado facilitado no propio centro, tras o pagamento previo das taxas establecidas.

Os centros interesados no Obradoiro de xogos populares, deberán remitirlle a súa solicitude ao Rexistro da Deputación a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no BOP e ata o día 15 de outubro. Os interesados deberán presentar as solicitudes, dirixidas á Presidencia da Deputación de Ourense, no Rexistro Xeral da Deputación ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

3.- Prezo público.

O prezo público das actividades é de 40 € en concepto de matrícula. En caso de varios membros da mesma unidade familiar, o primeiro membro pagaría 40 € pola matrícula e os restantes 15 € cada un deles.

Aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que sexan desempregados ou fillos de desempregados.

O prezo público por cada taller de tecido tradicional en teares é de 55 € en concepto de matrícula.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016
--

A programación dos diferentes cursos, así como toda a información pertinente estará dispoñible para todos os interesados nas dependencias da propia Escola.

2º.- Ordenar a publicación no BOP deste acordo, para xeral coñecemento.

5.- FIXACIÓN DE PREZOS DE PUBLICACIÓNS QUE EDITARÁ A DEPUTACIÓN

PROVINCIAL.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade para fixación de prezos de distintas publicacións da Deputación Provincial de Ourense, a **Xunta de Goberno** (en virtude de delegación conferida por acordo do Pleno do 26 de novembro de 2010), por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Fixar os prezos de venda ao público das seguintes publicacións, polos importes que se indican:

. **Pis Marcos, Montserrat:** *Dos estranos ollos de Damaluar e das aventuras que lle sucederon o día que desapareceron as súas zapatillas* (XIII Premio Pura e Dora Vázquez).

Prezo por libro: 6 € (IVE incluído).

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BANDE.- No Pleno, con

data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 22.856,74 euros, a favor do Concello de Bande, para mellora de captación de augas termais de Bande.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Bande, nos seguintes termos:

-Importe: 22.856,74 euros.

-Obxecto: mellora de captación de augas termais de Bande.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 outubro de 2016.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DO BOLO.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.10 unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor do Concello do Bolo, para IX Festa da Vitela. Traxes e instrumentos do folión de Buxán.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello do Bolo, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 euros.

-Obxecto: IX Festa da Vitela. Traxes e instrumentos do folión de Buxán.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016

- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe subvencionado.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2016.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CASTRO CALDELAS.-

No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación 45012/46210, a cantidade de 25.000,00 euros, a favor do Concello de Castro Caldelas, para promoción turística.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Castro Caldelas, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 euros.

-Obxecto: promoción turística.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016

- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que os gastos xustificadas acadan o 100% do importe subvencionado.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2016.

9.- CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS AOS CONSELLOS REGULADORES DAS DENOMINACIONS DE ORIXE VITIVINÍCOLAS PARA ACCIÓN DE PROMOCIÓN E XESTIÓN DURANTE O ANO 2016.

- Unha vez visto o informe-proposta da xefa da Sección de Subvencións de resolución do concurso público para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas para acción de promoción e xestión durante o ano 2016, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Admitir a trámite as seguintes solicitudes presentadas en tempo e forma, segundo o disposto na base sétima das que rexen a convocatoria:

1. CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE MONTERREI.
2. CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE VALDEORRAS.
3. CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRO.
4. CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRA SACRA.

2º) Concederlles ás seguintes entidades as subvencións polos importes que de seguido se indican:

CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE MONTERREI	50.000,00 €
CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE VALDEORRAS	50.000,00 €
CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRO	50.000,00 €
CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRA SACRA	50.000,00 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016

TOTAL	200.000,00 €
-------	--------------

3º) A xustificación da subvención concedida deberá realizarse ante a Deputación antes do 30 de novembro de 2016, mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos documentos establecidos na base décimo primeira das que rexen a convocatoria de referencia.

4º.- Dispor a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

10.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA GASTOS DE INVESTIMENTO DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE OURENSE CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2016 (BOP N.º 281, DO 7 DE DECEMBRO DE 2015).- Unha vez

finalizado o prazo de alegacións á resolución provisional de data 9 de xuño de 2016, do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2016, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 30 de novembro de 2015 e publicadas no BOP n.º 281, do 7 de decembro de 2015, vista a proposta de resolución das alegacións formuladas e de resolución do concurso formulada pola Comisión de Valoración con data 26 de xullo de 2016 (acta que se incorpora como anexo a este acordo), a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Aceptar as renuncias ás subvencións indicadas na proposta de resolución provisional, presentadas por Don José Manuel Álvarez Iglesias, en representación da Asociación de Veciños “San Roque” de A Armada (para o proxecto “*Acondicionamento local social*”) e por Dona Mª Helena Prada Yáñez, en representación da Asociación Centro de Animación Rural San Adrián de Solveira (para o proxecto “*Mellora e acondicionamento no local da sede da asociación*”)

2º) Non admitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

- a) Por presentar a solicitude fora do prazo establecido na base cuarta da convocatoria.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016

1	Asociación de Veciños San Xoán de Vide.	G32212987	Baños de Molgas	Adquisición de mobiliario
b) Por presentar a documentación valorable fóra do prazo establecido na base cuarta da convocatoria:				
1	Asociación de Veciños de San Ciprián de Pitón	G32400459	A Peroxa	Mellora en local social
c) Por non achegar a documentación valorable, tendo en conta que esta documentación non é emendable :				
1	Asociación Amigos da Cultura e do Ocio Aires Nossos	G32369696	Verín	Mobiliario cociña local social
2	Asociación de Veciños San Miguel de A Piteira	G32226508	O Carballiño	Amoblamento do local social
3	Asociación de Viuvias M^a Andrea	G32014334	Ourense	
d) Por non tratarse de asociacións veciñais cuxos fins sexan a defensa, en xeral, dos dereitos e intereses dos veciños dun determinado ámbito territorial:				
1	Asociación de Pensionistas e Xubilados Fonval	G32256661	Barbadás	Remodelación e acondicionamento local social

3º) Concederlles, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, aos proxectos seguintes:

	SOLICITANTE	PROXECTO	Puntos	TOTAL
1	A. V. As Neves de Grixoa	Construcción Porche A.V. As Neves	9,23	1.201,13 €
2	A. V. Palmés	Melloras nos locais sociais	18,10	2.354,77 €
3	A. V. Santa Mariña de Entrambosríos	Construcción de porche cubierto	7,01	912,85 €
4	A. VV. Agarimo	Estufas, estanterías, cadena musical e fotocopiadora	0,37	1.348,83 €
5	A. VV. Bó Xesús de Ceboliño	Compra e instalación máquina de frío	9,33	1.214,32 €
6	AAVV de los pueblos de la Parroquia de San Pedro de Cudeiro.	Cámara frigorífica (Velorio)	5,13	667,34 €
7	A. VV. Parroquial de Santa Lucía de Rairo	Instalación 2 bombas calor	10,35	1.346,72 €
8	A. VV. Rabo de Galo	Dous ordenadores	11,56	1.503,72 €
9	A. VV. San Esteban de Untes	Mesa e cadeira de oficina	9,70	745,00 €
10	A.C. Social-ecolóxica "Veciños de Pol" Carballiño	Aire acondicionado	5,47	711,76 €
11	AA. VV. De Castro de Beiro	Cortinas para local social	2,51	326,16 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016

12	AA. VV. De Mudelos	Compra de cadeiras e bancos	3,72	483,64 €
13	AA. VV. De San Vitoiro	Fabricación de bancos para zona verde situación na finca anexa local	4,29	558,82 €
14	AA. VV. Do Pobo de Lobaces	Adaptación de local para velorio	18,80	2.446,41 €
15	AA. VV. San Mamede	Equipación local social	4,59	597,00 €
16	AA. VV. Virxe da O	Equipamento de local	4,84	500,00 €
17	AA.V. San Pedro de Olás	Equipamento local social	8,20	1.000,00 €
18	AA.VV. Sta. María da Rasela	Mobles Centro Social	19,28	2.509,41 €
19	Asociación Cultural de Prada	Portátil, bancos y plafóns	6,85	890,85 €
20	Asociación Cultural de Veciños Santa Olaia de Beiro	Mellora de instalacións do local cultural	22,69	2.952,68 €
21	Asociación Cultural Rezo Milo	Melloras e equipamento	21,36	2.779,62 €
22	Asociación Cultural Vecinal Trasariz	Acondicionamento do local social en Trasariz	9,24	1.202,12 €
23	Asociación Cultural Veciños do Xurés	Compra inmoble	66,25	8.621,47 €
24	Asociación Cultural Vencelleiros	Adquisición de bens mobiliarios	2,39	311,43 €
25	Asociación de Mulleres Rurais Monterrei	Dotación de mobiliario	1,98	258,28 €
26	Asociación de Vecinos Sobrado do Bispo	Equipamento local social	6,09	791,88 €
27	Asociación de Veciños "Aira do pozo"	Obras de acondicionamento	3,89	505,61 €
28	Asociación de Veciños "Niño Jesús" Poboanza	Restauración e compra de mobiliario	3,88	505,33 €
29	Asociación de Veciños "San Pedro de Ribeira"	Acondicionamento local para habilitación como velorio	30,55	3.975,87 €
30	Asociación de Veciños "Santa Eufemia de Ambía"	Adquisición material para eventos	4,43	576,60 €
31	Asociación de Veciños Xuntanza-Bergueira	Equipamento Asociación	7,23	940,83 €
32	Asociación de Veciños Amigos do Río Mao	Muíños Río Mao	68,46	8.909,02 €
33	Asociación de Veciños Casasoá-San Mamede	Mobiliario	10,02	1.304,33 €
34	Asociación de Veciños Casasoá-San Mamede	Parrillas Barbacoas	8,51	1.107,47 €
35	Asociación de Veciños de Banga	Colocación radiadores eléctricos baixo consumo	1,55	201,19 €
36	Asociación de Veciños de Moreiras	Mellora servizos baixo casa cultura	23,60	2.000,00 €
37	Asociación de Veciños de Moreiras	Fondos Biblioteca	25,24	3.000,00 €
38	Asociación de Veciños de	Mellora instalacións deportivas		3.000,00 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016

	Moreiras		25,81	
39	Asociación de Veciños de Partovia	Ampliación porche local social, estufa pellets e botellero	25,94	3.375,47 €
40	Asociación de Veciños de Puxedo	Adquisición inmovible	62,04	8.073,06 €
41	Asociación de Veciños de San Salvador de Armental (A.V.S.S.A.)	Equipamento A.V.S.S.A.	6,02	783,45 €
42	Asociación de Veciños de Veiga	Equipamento cociña e estufa	14,32	1.863,04 €
43	Asociación de Veciños Laxas	Equipamento local social	14,48	1.884,46 €
44	Asociación de Veciños Magosto	Acondicionamento local	9,27	1.206,78 €
45	Asociación de Veciños Mirafermosa	Equipamento informático e material de limpeza	6,32	822,92 €
46	Asociación de Veciños O Pazo-Cima de Vila	Investimentos en moblaxe e utensilios	4,27	555,17 €
47	Asociación de Veciños Pedra Blanca	Arranxo de puntos de luz e zócalos de encendido e compra de armario de baldas con mesa de ordenador para o local social	9,73	1.265,91 €
48	Asociación de Veciños Santa María de Louredo	Mellora do local social	14,91	1.939,73 €
49	Asociación de Veciños Santa Marta de Velle	Electrodomésticos locais sociais	13,51	1.757,99 €
50	Asociación de Veciños Santa Marta de Velle	Lona para celebración eventos	10,99	750,00 €
51	Asociación de Veciños Tarabao-Vilaverde	Renovación Fiestras/ Reforzo depósito	17,03	2.216,53 €
52	Asociación de Veciños Tras Estación	Unha máquina de coser modelo Juki HZL-F300, e un tabuleiro mesado	5,77	750,22 €
53	Asociación do concello Mourisca	Mellora de Bens mobles	13,24	1.723,41 €
54	Asociación Mulleres Rurais San Miguel Espiñoso	Pintar exterior local social	5,23	680,07 €
55	Asociación Vecinal Cultural e Deportiva da Parroquia de Golpellás	Adquisición Carpa	11,33	1.474,45 €
56	Asociación Veciñal A Corna	Alicatado interior do local social	3,20	415,92 €
57	Asociación Veciñal As Termas	Equipamento local social	3,71	482,97 €
58	Asociación Veciños As Xoaniñas dos Rosais	Equipamento didáctico e lúdico para a asociación	8,68	900,00 €
59	Asociación Veciños Santa María de Vilar de Ponte Ambía	Construción de zona cuberta no local social	10,60	1.379,06 €
60	Centro Animación Rural Sta. María Arcos	Dotar de mobiliario de cociña ó local do centro de animación	11,04	1.436,93 €
			794,12	100.000,00 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 29 de xullo de 2016

